

Melide contará co seu primeiro inventario de bens municipais

O concello dispora dun detallado inventariado do seu patrimonio onde se rexistrarán os ben municipais existentes, algúns descoñecidos e legalizar os que se atopan en situación de irregularidade.

Este proxecto, promovido pola Deputación da Coruña e que abrangue a outros doce concellos da provincia, catalogará os bens tanto en soporte de papel como nun programa informático que permitirá o acceso a tódalas

características dos mesmos. A empresa encargada da súa elaboración, á que a avalan máis de vintedous anos de experiencia neste ámbito, realizará un exhaustivo traballo de documentación sobre o patrimonio municipal de Melide.

O único rexistro co que se contaba ata o de agora sobre bens municipais databa de 1948 e a súa última actualización foi no ano 1997.

P3



O entroido trouxo a festa á Terra de Melide

O carnaval celebrouse nos municipios da comarca con multitude de festas e vistiu coa cor dos disfraces tódolos recunchos de Terra de Melide.

Durante os catro días que durou o entroido nenos e maiores deixaron voar a súa imaxina-

ción baixo o deseño de orixinais disfraces e participaron nos concursos que organizaron os diferentes concellos.

A queima do boneco na capital da comarca puxo o colofón final a esta época do ano que tódolos veciños viviron con gran ilusión

P 14

MELIDE

Melisanto acolle unha charla informativa sobre o Banco de Terras O Director Xeral de Infraestructuras Agrarias explicou o funcionamento do BANTEGAL, un proxecto innovador da Consellaría do Rural **P6**

COMARCAS

O Delegado Provincial de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible visitou Visantón Manuel Tajés achegouse ata a parroquia de Santiso para ver in situ as demandas da asociación veciñal *O noso lar* **P8**

Comercio e empresa **Moble Ares unha das mellores empresas na súa boa xestión segundo o anuario Árdan** Para averiguar a eficiencia das empresas galegas o informe aplicou diferentes parámetros na análise de 13.000 sociedades. O resultado da investigación contabilizou un total de 353 firmas como as de mellor eficacia sendo Mobles Ares unha das seleccionadas **P11**

DEPORTES

O Atlético de Melide acadando notables resultados na competición Aínda que tódolos seus equipos están a desenvolver un bo xogo e o feminino o que máis está destacando na categoría autonómica. Este equipo está integrado por xogadoras moi xovenes e que nunca se adicaron a este deporte **P19**

Editorial

En desacordo



O novo regulamento da venda ambulante do Concello xa está en marcha coa súa aprobación definitiva. Pero antes de saír fomos moitos os que tivemos a oportunidade de dispor do borrador e darnos así a oportunidade de poder opiñar sobre o mesmo. Nós dende ASETEM-CCA así o fixemos e convocamos unha xuntanza para que os nosos comercios asociados tiveran a oportunidade de poder expresar os puntos nos que estaban en desacordo. O froito daquela reunión foi un escrito no que se plasmaron todas as modificacións

esgrimidas polos comerciantes e que se lle remitiu ao goberno municipal. Neste documento pidiamos varias modificacións pero, sobre todo, dúas eran as que máis nos interesaban. Unha era respecto a que o emprazamento do mercado se ubicará na praza do Multiusos e nas súas rúas abxacentes por ser un lugar amplo con cabida para todos os vendedores, ademáis destar no casco da vila. A outra cuestión de gran relevancia era a petición da construción dun aparcadoiro para os vehículos dos ambu-

lantes na zona do IES. Estas cuestións para nós resultaban importantes pero, sobre todo, o que máis nos interesaban era o benestar dos nosos veciños e do noso pobo. Na zona do Multiusos a xente podería pasear con máis tranquilidade e espazo sen andar apretuxados. E co aparcadoiro no IES evitaríamos a aglomeración das camionetas dos ambulantes no corazón do casco urbano que supón un perigo tanto para o cidadán de a pé como para os propios veciños que conducen os seus turismos.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Ángeles Buján Ramos

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Tel. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, AXGPT e Daniel Roibás.

AGRADECEMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Tribuna de opinión

Algo está a mudar

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ

Hai pouco os propietarios dos negocios do sector comercial de electrodomesticos acordou por unanimidade pechar os seus locais os domingos. Unha decisión que adoptaron para poder descansar netes día xa que dende hai tempo notaban que tiñan tanta clientela a cotío como a que podían ter na xornada dominical.

E é que hoxe en día non hai casa que non conte cun vehículo para desprazarse e a clientela potencial que mercaba, sobre todo, nos domingos eran os veciños das parroquias que carecían tempos atrás de atopar un xeito de desprazarse ata á vila e botaban máis dos autobuses de liña para baixar neste festivo a facer as súas compras para toda a semana.

Durante moitos anos a nosa vila foi criticada ou admirada por algúns por traballar os fins de semana cando noutros lugares a costume xeralizada e atinada era pechar o último día da semana. Tempo despois deuse a opción no municipio de que os establecementos que o desexasen poidesen pechar os sábados pola tarde. Sen embargo esta medida acarreeu conflitos entre os propios comerciantes do mesmo sector porque si un abría e o outro pechaba levantábanse entre les acusacións de que un lle roubaba á clientela ao outro. Todo o comercio da nosa vila debería estar en consenso, como fixeron o sector de electrodomésticos, e dende a unión adoptar a decisión de pechar ou abrir todos. Está demostrado dende sempre que a unión nunha causa é o que fai que todo avance e medre cara un bon porto e eu penso que o noso comercio merece con creces todo isto.



CENTRAL:

Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA

Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA

Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña

Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO

Ctra. Nacional VI, km. 555

Aranga - A Coruña

Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE

Pol. Industrial Madanela, porc. 30
Melide - A Coruña

Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

O último rexistro coñecido databa de finais dos coarenta aínda que se actualizou no 1997

O Concello elaborará o seu primeiro inventario de bens municipais

Melide é un dos trece concellos seleccionados pola Deputación para levar a cabo este proxecto

Melide disporá dun exhaustivo inventariado do seu patrimonio grazas ao plan promovido pola Deputación da Coruña que durante este ano desrolara tamén noutros doce concellos da provincia. O único rexistro co que se contaba ata o de agora data de 1948 e recollíase nun *Libro de Inventario de Bens* cuxa última actualización foi no ano 1997.

O proxecto implicará un detallado traballo de campo e documentación que non só permitirá rexistrar o patrimonio municipal senón que tamén axudará a descubrir algúns bens descoñecidos polo Concello e a legalizar os que na actualidade se atopan en situación irregular. A



empresa encargada de realizar esta tarefa, avalada por vintedous anos de experiencia na elaboración de inventario de bens municipais, agarda rematalo antes do

verán. Para esa data contaráse ademais dun rexistro detallado en soporte papel, cun programa informático específico que permitirá o acceso a tódalas características do

patrimonio catalogado.

No inventario todos os bens municipais que superen o valor de 300 euros disporán dunha ficha propia na que se describirá a súa ubicación, antigüidade, valor e demais características que permitan distinguir a cada un dun xeito individualizado. Os bens de valor inferior a esta cantidade tamén serán inventariados pero facendo referencia ao número que exista dos mesmos.

A mediados de xaneiro tivo lugar a primeira xuntanza do executivo local cos técnicos da Deputación e os responsables da empresa encargada do inventario. Na reunión a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, agradeceu ao organismo provincial o feito de haber seleccionado o municipio para formar parte dun proxecto do que tamén se beneficiarán outros doce concellos como Arzúa, Miño, Cedeira ou Laxe.

As obras de instalación de Gas natural no casco urbano comenzaran este ano

A Consellaría de Innovación e Industria ten asinado un acordo marco con dez concellos da provincia da Coruña, entre o que se atopa o de Melide, para a instalación da rede de suministro de gas natural no casco urbano. A mellora ten previsto comenzar este ano segundo confirmou a Consellaría.

A gasificación do municipio se executará grazas a unha achega do 30% do investimento total que o departamento de industria realizará á empresa Gas Directo, encargada de levar a cabo ditas obras, mediante un convenio que os dúas entidades rubricaron.

O obxectivo desta colaboración é o de acadar que municipios, como o de Melide, poidan gozar da subministración de gas natural ou gas propano axeitada as súas necesidades.

Renovación do mobiliario urbano no municipio

Dende hai unhas semanas os xardíns do Cantón de San Roque conta con vinte e seis bancos de base de madeira e novas papeleiras que lle dan a esta zona unha imaxe renovada e máis tendo en conta que este é o lugar por excelencia para o lecer dos melidenses ao atoparse en pleno casco urbano.

A colocación destes novos asentos respostou as queixas que dende hai tempo estaban a facer os veciños da vila pola estrutura de ferro coa que estaban dotados os vello bancos é que resultaban incómodos nas tempadas de climatoloxía fría.



Esta renovación de equipamentos, na que se investiron 15.000 euros, supón a primeira fase dunha serie de actuacións para mellorar o mobiliario público do casco urbán por parte do Concello que dotará en vindeiras datas de novo mobiliario a outras zonas da vila.

Fomento xa elaborou o proxecto para a instalación dunha rotonda en Santa María

O Ministerio de Fomento construíra unha nova rotonda na estrada N-547 á altura do coñecido como *cruce de Santa María*. O Concello recibiu a finais do mes de xaneiro a comunicación do ministerio confirmandolle a elaboración do proxecto da glorieta.

Con esta nova actuación contribuiráse a mellorar a circulación tanto neste tramo da estrada Santiago- Lugo como no tránsito daqueles vehículos que dende Melide queiran desviarse dirección Santiso.

A construción desta rotonda resposta a unha demanda



O cruce é un dos que máis accidentes rexistra anualmente

que o primeiro tenente da alcaldesa, Manuel Prado, trasladou ao Xefe de Servizo e Conservación de Estradas da Coruña, Eduardo Toba, durante unha xuntanza que ámbolos dous

mantiveron o pasado mes de outubro. A petición desta glorieta por parte de Prado xustificouse pola alta perigosidade deste cruce onde se rexistraba unha alta siniestralidade de accidentes.

EN BREVE

O PSdeG- PSOE pide de Melide que se repoñan as bandeiras na Casa do Concello | A agrupación socialista local, encabezada polo Tenente alcalde, Manuel Prado Puga, reclamou á alcaldía que repuxeran as bandeiras, que deixaron de ondear o pasado mes de outono, na fachada do edificio consistorial como segundo regula a lei. Asemesmo no pleno celebrado pola Comisión Executiva Local da formación voltouse a instar á rexedora á colocación dos emblemas e amosouse a preocupación pola negativa absoluta da alcaldía a non instalar a bandeira europea.

Dúas das agrupacións políticas teñen representantes nas listas ás eleccións ao Congreso | A alcaldesa, Socorro Cea (BNG), ocupará o posto número 6 na candidatura coa que o seu partido acudirá pola provincia da Coruña as eleccións xerais de marzo. A rexedora melidense e mailo alcalde de Carballo son os dous únicos rexedores que forman parte da lista. Por outra banda, José Antonio Prado García, secretario comarcal do PSdeG, figura como suplente número 1 na lista ao congreso pola coruña. A presentación oficial desta lista tivo lugar nun acto oficial, a finais de xaneiro, no Hotel finisterre da cidade herculina.

O deputado provincial de Vías e Obras visitou in situ o lugar

A Deputación comprométese co proxecto para a construción de Beirarrúas nas Barreiras

Esta mellora é unha demanda que os veciños da zona veñen pidindo de xeito reiterado dende hai tempo

O responsable provincial de Vías e Obra, Bernardino Rama, visitou Melide para coñecer in situ a situación da estrada CP- 4604 que une a vila co concello de Toques ao seu paso polas Barreiras. A alcaldesa e o seu primeiro tenente acompañaron ao deputado e a un técnico do organismo para solicitarlle a construción de Beirarrúas no lugar xa que a súa carencia na actualidade provoca dende hai anos numerosos siniestros. Logo de comprobar de primeira mán o problema, Bernardino Rama comprométese á redacción do proxecto que abrangue a instalación das beirarrúas en ambas marxes, en preto dun kilómetro, con tódolos servizos de saneamento, recollida de pluviais e iluminación.



Rama puido comprobar en persoa a situación nas Barreiras

Mellora do vial Melide-Ribadulla

Durante a súa instancia na vila, o deputado provincial tamén comunicou ao Concello que a Deputación da Coruña aprobara no seu pleno do mes de febreiro o proxecto de acondicionamento da estrada que comunica Melide coa veciña parroquia de Visantón, no municipio de Santiso. O proxecto de mellora do vial (CP-4603) que une aos dous concellos ata Ribadulla foi redactado no mes de xuño pola deputación pro-

vincial e logo da súa aprobación plenaria comenarán os traballos de expropiación dos terreos para a realización da mellora que abrangara uns dez kilómetros.

A actuación prevista, que contará cun orzamento superior aos 1,8 millóns de euros, contempla a construción dunha nova ponte sobre o río Catasol, a ampliación dos dous carrís e o acondicionamento do firme da estrada que na actualidade presenta un grave deterioro na súa capa asfáltica.

Nova campaña de información para limpeza de solares abandonados

O Concello voltou de novo, e por segunda vez, a enviar circulares aos propietarios de solares en estado de deixadez para instarlles a que se limpe a maleza, que en moitos casos chega a cubrir as propias vivendas, coa finalidade de evitar a imaxe de abandono que na actualidade presentan. Nas cartas remitidas aos donos das fincas descoidadas concedíase un prazo de quince días para levar acabo as tarefas de acondicionamento das propiedades.

Con esta medidas os terreos das fincas poden aproveitarse mellor e ademais o coidado destes espazos é imprescindible para garantir certas condicións de salubridade. co aviso tamén se tenta dar unha boa imaxe dos terreos e evitar que ao estaren desantedidos poidan estar en perigo as casas e aos seus propios moradores.

Xa no mes de setembro máis de cincuenta veciños recibiran estas circulares advirtíndolles desta limpeza porque algunhas das parcelas, incluso urbanas, estaban a converterse en sileveiras e toxadeiras.

Solicítanse melloras no subministro eléctrico e internet para a zona rural

A rexedora melidense solicitou no transcurso de dúas entrevistas, unha co Conselleiro de Innovación, Fernando Blanco, e outra co director Xeral de Industria, Anxo Calvo Silvosa, diferentes melloras no eido rural. Unha das demandas foi a necesidade de mellorar o subministro da electricidade xa que algunhas das parroquias teñen problemas por mor da baixa intensidade da rede eléctrica. Esta situación agrávase cando aínda é máis necesaria unha alta potencia no servizo para desenvolver determinados

tipos de tarefas como é a posta en funcionamento de muxidoras e centros de frío. Outra das necesidades reclamadas para o eido rural foi a revisión da ampliación da cobertura de telefonía móbil que impide en moitos lugares do agro ter conexión por internet. Esta última situación de grande importancia xa que a súa carencia dificulta a igualdade para o acceso a información nunha sociedade onde é tan fundamental as novas tecnoloxías. Nas reunións a rexedora tamén reivindicou a necesi-

dade de certos servizos para o casco urbano. Un dos temas tratados foi a situación do novo sistema de iluminación no centro da vila. A Consellaría de Innovación comprométese a colaborar a través do Instituto enerxético de Galicia na implantación dun proxecto de aforro enerxético para o alumado público. Outra demanda, esta vez ao Director Xeral de Industria, foi o soterramento de cables e zonas do casco histórico e centro de Melide para impedir a toparse cos postes de formigón no medio das beirarrúas.

As obras no albergue de peregrinos poderían iniciarse en vindeiras datas

O albergue de peregrinos do municipio podería pechar dentro de pouco as súas portas para escomenzar as obras de reforma e acondicionamento integral do edificio. O inmoble presenta na actualidade numerosos problemas de humidade e filtracións que provocaron un serio deterioro no seu espazo.

A Sociedade do Xacobeo, organismo dependente da Consellaría de Industria, será o encargado de financiar o proxecto cun investimento ascendente a un total de 457.000 euros.

As melloras coas que se tenta subsanar as deficiencias do albergue consistirán na concentración dos aseos na primeira pranta. Nesta mesma tamén se procederá a redistribuír o espazo para poder ampliar o número de prazas das que dispón o seu único dormitorio. O proxecto ademais contempla a construción dun dormitorio con baño para minúsvulos e revestir a fachada de material aislante. Mentres duren os traballos, uns tres meses, o Pazo de Congresos será o lugar onde os peregrinos poidan pernactar.

Medidas preventivas na Escola Infantil tras detectarse un caso de meninxite

Numerosas familias acudiron ao Centro Médico da vila advirtidas pola Directora do centro para previr o contaxio do resto de alumnos

Na madrugada do mércores 16 de xaneiro, un alumno da Gardería Municipal comenzo a sentirse mal sendo trasladado inmediatamente pola súa familia ao Hospital Clínico de Santiago de Compostela onde se lle diagnósticou meninxite. No centro sanitario compostelán se lle fixeron as pertinentes probas para confirmar o tipo de xermen que lle afectaba xa que se a patoloxía resultaba ser de orixe bacteriana podía resultar grave para a saúde do neno ademais de ser o tipo de meninxite con máis altos índices de contaxio.

O día seguinte, a primeira hora da mañá, a Consellaría de Sanidade remitiulle a Escola infantil unha circular na que se recollían as medidas preventivas a adoptar para evitar que os demais escolares poideran ser afectados pola meninxite, aínda que o comunicado tamén reseñaba que *o risco de contraer a enfermidade é baixo*

e engadía que *a situación non debe crear ningún tipo de alarma e os nenos deben asistir ao centro con normalidade*.

Ao pouco tempo de recibir esta carta do SERGAS, a Directora do centro puxo o problema en coñecemento do Concello, acudindo de inmediato ata o centro escolar a concelleira de Benestar, Casé Rodríguez para coordinar o operativo a levar a cabo. Deseguido, a xerente da escola Infantil contactou persoalmente con todos os pais dos 80 nenos inscritos na gardería para informarlles da circunstancia e comunicarlles que deberían acudir ao centro médico cos cativos para aplicarlles o correspondente protocolo de prevención. Os sete empregados da gardería tamén tiveron que recibir esta asistencia médica

O ambulatorio colapsado
O Punto de Atención Primaria veuse desbordado ante a grande afluencia de

familias que asistiron ata o recinto que non só levaron aos alumnos senón tamén aos seus irmáns ante o medo de que tamén poideran estar contaxiados.

O tratamento para previr esta enfermidade foi a administración de Rifampicina que se administra por doses cada doce horas durante dous días. En total, catro doses.

Ante a masiva cantidade de demandantes deste medicamento de uso pouco común, e debido a que nas farmacias de Melide nin nos concello limitofes había cantidade abondo do fármaco, o Concello fixo grandes esforzos en xestións para acadar o segundo informaron fontes do mesmo *a principal preocupación era atender en tempo a os nenos que estiveron en contacto co cativo enfermo, e localizar as doses precisas para que tódolos alumnos puidesen ser atendidos nesa mesma tarde*.

Aínda que no día do suceso, a directora e maila concelleira



O centro xa funcionou con normalidade ao día seguinte do suceso

comprobaron que a asistencia de escolares era menor que noutra xornada calquera. O venres a escola Infantil xa continuou coas súas actividades con toda normalidade e

con tódolos seus alumnos no centro.

O neno con meninxite, tras estar ingresado varios días, recuperouse de xeito favorable.

O que hai que saber sobre a meninxite

A enfermidade. É unha infección que causa a inflamación das membranas, meninxes, que cobren o cerebro e a médula espinal.

Tipos. Hai dous, a vírica provocadas por virus e que son benignas, normalmente non precisa tratamento, e a bacteriana que soe ser extremadamente grave e moi contaxiosa, precisando hospitalización.

Síntomas. Os conxunto de signos máis significativos que poden advirir da presenza da enfermidade son: febre e arrepíos, dor de cabeza intenso, náuseas e vómitos, pescozo ríxido, sensibilidade ocular á luz ou debilidade muscular. Cando xa está bastante manifestada soen aparecer máculas vermellas na pel que non desaparecen si se estira a pel

O Concello participa no plan *Vacacións en paz* polo que cinco familias poderán acoller nenos do Sahára no verán

O presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz, Manuel Dios Díz, visitou o Concello de Melide para socilitar a súa colaboración no desenvolvemento de actuacións que teñan como finalidade a cultura da paz.

Unha das liñas de traballo desta entidade é precisamente a loita por mellorar a calidade de vida dos rapaces que viven en zonas de conflito. Na xuntanza coa rexedora melidense, esta confirmou o compromiso do Concello de participar no proxecto *Vacacións en Paz* coa acollida de cinco nenos saharauís por parte de familias melidenses durante os meses da tempada estival.



Esta iniciativa está coordinada pola entidade *Solidaridade galega co pobo Saharauí* e en vindeiras datas a alcaldesa ten previsto reunirse co delegado da institución para ultimar as xestións de acollida dos nenos procedentes dunha das zonas con máis conflitos, como é o Sahára. Neste senso, Manuel

Dios Díz, puxo en coñecemento da rexedora melidense de que o Seminario Galego de Educación para a Paz, dispoñía de abundante material vancegado á situación da infancia que vive en países conflictivos e que cederíalle esta documentación ao Concello para o desenvolvemento

deste proxecto que terá lugar por primeira vez en Melide.

Por outra banda, a colaboración que estudan manter o Seminario e o municipio implicaría a organización de actividades como conferencias, proxeccións audiovisuais de temática antibélica ou a celebración de cursos de formación que potencien a interculturalidade para procurar como finalidade unha convivencia máis pacífica na sociedade.

Este Seminario, naceu en 1985 no seo da educación, e entre as súas liñas de traballo salientan colaborar nun sistema educativo para a paz e valores como a tolerancia ou a solidariedade.

Atopan un veciño morto logo de días sen ve-lo pola rúa

Veciños e amigos do difunto extrañáronse de que había días de que non o veían pola rúa, algo pouco habitual nel xa que era un home que acostumaba a saír a cotío. Ante esta circunstancia, os propietarios da vivenda, que era alugada, non dubidaron en chamar aos efectivos da Garda Civil que procederon a entrar ao domicilio atopando no mesmo o seu corpo sen vida. Trás relizarselle a autopsia no tanatorio de Montouto, esta determinou que a morte foi por causas naturais e que se produxera había máis de vinte días.

José Luis Salgado, xubilado, estaba dende hai tempo a tratamento médico

AGADER contribuíra a un proxecto de dinamización dos locais sociais do rural

O Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, AGADER, Edelmiro López, reuniuse coa alcaldesa de Melide, nunha xuntanza na que a rexedora transmitiu-lle algunhas das necesidades para as parroquias.

Unha das que máis valoración tivo por parte do titular de AGADER foi o proxecto de dinamización para os locais sociais do rural para darlles máis vida con programacións de diversas actividades. Cea tamén lle amosou a López o seu interese polo servizo de *comedor sobre rodas* ou de lavandería, unha iniciativa que achegaría estes servizos a persoas do agro que viven soas ou dispoñen de pouca mobilidade. AGADER ademais ten deseñado un novo mapa de grupos de Desenvolvemento rural entre os que se atopa Melide.

A Feira mensual de gando da vila facturou máis de tres millóns de euros o ano pasado

O mercado de gando de Melide ubicouse como un dos puntos de referencia máis importantes da comunidade galega neste ámbito ao rexistrar as súas transaccións económicas do 2007 máis de tres millóns de euros.

Segundo o informe elaborado polo Concello o número de cabezas que pasaron o pasado ano pola feira mensual aproximouse ás 3.000.

Do estudo que se fixo para analizar esta boa saúde no noso sector gandeiro desprendese que o mercado acolleu vendas de gando orixinarios de ata cincuenta concellos sendo principalmente estes da comarca e dos municipios veciños como Arzúa, Palas de Rei ou Boimorto.

A Cooperativa Melisanto acolleu a charla informativa sobre os dous proxectos do agro

O Banco de Terras e as Unidades de Xestión Forestal unha alternativa para o rural melidense

No acto explicóuselle aos asistentes o funcionamento e as vantaxes destes innovadores plans

O salón de actos da Cooperativa Melisanto acolleu unha charla sobre o funcionamento do Banco de Terras de Galicia, BANTEGAL, e as Unidades de Xestión Agraria, UXFOR, ambolos dous proxectos dependentes da Consellaría do Rural.

Para informar destes dous programas trasladáronse ata Melide o Director Xeral de Infraestruturas Agrarias, Xosé Carballido, e mailo asesor técnico forestal da Xunta, Xosé Antón Meixide. Ambos representantes estiveron acompañados polo presidente da cooperativa, José Varela, a concelleira do Rural, Anabel Ramos e a alcaldesa, Socorro Cea.

A poneñencia para explicar cales están a ser as liñas de funcionamento do Banco de Terras correu a cargo de Xosé Carballido.

Carballido informou de que o BANTEGAL é un sistema polo que se está impulsando o arrendamento de fincas agrarias abandonadas ou improdutivo e que naceu, entre outros motivos, por que polas *condicións históricas de Galicia somos propietarios recente-*



Xosé Carballido detallou cómo funcionaba o Banco de Terras

mente das fincas e custanos dar o paso de vendelas. Asemesmo sinalou como outras causas que motivaron a crear este proxecto que cada vez pechábanse máis explotacións polo envellecemento da poboación coa consecuente perda de superficie agraria que provocaban un éxodo dos xóvenes do agro e polo tanto había menos traballo no campo e abandono das fincas. Ademais sinalou que había certo recelo ao arrendamento particular por temor a non cobrar as rendas ou que o patrimonio alugado fora deteriorado polo arrendador. Carballido insisístiu en que

ningún país podese permitir o luxo de perder terreos porque a produción de alimento é básica para toda economía. Neste senso lembrou que Galicia conta con 13 millóns de fincas e manifestou a necesidade de *recuperar a superficie agraria útil a través do Banco, que a súa vez serve de chave para a incorporación da xuventude á actividade agraria, que doutro xeito, non terían medios para traballar as terras*.

Por estas razóns a Consellaría de Medio Rural ofrece como alternativa o BANTEGAL como método de arrendamentos de terras abandonadas

que terá sempre como aval á Xunta de Galicia asegurando deste xeito sempre o pago da renda, coidado dos terreos e todo o vencellado coa propiedade en aluguer. O Director Xeral de Infraestruturas agrarias explicou, aos máis de cen asistentes á charla, dos pasos a seguir para inscribir as fincas no BANTEGAL, como solicitar o seu uso e tamén dos beneficios que está tendo a recuperación da actividade agraria.

O asesor da Consellaría en materia forestal, Xosé Antón Meixide, foi o responsable de falar do outro proxecto do Rural, as Unidades de Xestión Forestal. Meixide avanzou na súa charla cales eran medidas administrativas para revitalizar o monte galego.

Nun Concello como o de Melide, cun alto porcentaxe de poboación adicada ao agro, valoráse como grandes bazas para o desenrolo rural a estes dous proxectos que encaixan de xeito particular na nosa Terra e máis tendo en conta que no mes de decembro foi declarada pola Xunta como unha das comarcas de *zona de especial interese agrario* (ZEIA).

PASO A PASO

Banco de Terras de Galicia

¿Para que é?

- Para poñer en valor as terras con aptitude agraria, é dicir, aumentar a riqueza do país.
- Recuperar e frear a perda de superficie agraria útil
- Mellorar e ampliar a base territorial das explotacións
- Evitar a grave situación de abandono, risco de lumes, e outro tipo de danos

¿De que xeito?

- Pola creación dun Banco de Terras que faga as xestións necesarias para mobilizar as fincas mediante arrendamentos
- Un Banco onde poidamos inscribir as nosas fincas permitindo que sexan arrendadas por quenes o soliciten con arrendamentos pactados entre un mínimo de 5 anos e un máximo de 30

¿Para quen?

- Para explotacións que queiran aumentar a súa superficie agrícola
- Mozos e mozas que desexen adicarse á actividade agraria.
- Cooperativas agrarias que pretendan ampliar a súa base territorial.
- Recuperación da actividade agraria en zonas de avellentamento ou éxodo rural


¿Con qué garantías?

- Garantía de devolución da propiedade rematado o tempo de arrendamento
- Garantía no pago do aluguer
- Garantía de devolución das terras en normal estado de uso, sen deterioro
- Garantía dun aval porque ao ser unha institución pública tes respaldo institucional.

Unidades de Xestión Forestal

- Son agrupacións de propietarios forestais creadas para xestionar de forma conxunta un mínimo de 15 hectáreas de monte.
- Prevención e defensa do lume. Protección dos núcleos rurais fronte aos incendios, no marco dunha política de desenvolvemento rural.
- Regular as repoboacións forestais
- Tratamentos axeitados da biomasa nos montes e áreas de influencia forestal
- Regular os aproveitamentos e transformacións do monte e zonas agrarias lindantes.

UN PUNTO DE ENCONTRO NA RUTA MÁIS VIVA DE EUROPA



O Delegado Provincial de Medio ambiente achegouse ata Visantoña convidado polo PSdeG de Santiso Manuel Tajés visita á asociación veciñal *O noso lar* para coñecer de preto algunhas das demandas do colectivo

O Delegado Provincial de Medio ambiente, Manuel Tajés, fixo un oco na súa apretada axenda para achegarse o sábado, 26 de xanerio, ata a parroquia de Visantoña. O motivo da visita era entrevistarse coa directiva da asociación veciñal *o noso Lar* para escoitar algunhas das iniciativas que o colectivo quería transaladarrlle para o seu posterior estudo. Tajés achegouse ata á parroquia convidado polo concelleiro do PSdeG de Santiso, Daniel Roibás, xa que a asociación mantivera tempo atrás unha xuntanza coa agrupación socialista na que esta se comprometeu a apoialos en todo o que precisaran.

Na súa visita, o presidente da asociación, Manuel Adán, transmitiulle algunha das propostas que a súa entidade consideraba de grande interese para a súa parroquia. O adecentamento do campo da romaría era unha delas, este espazo foi dende hai décadas lugar de encontro e lecer para os veciños de Visantoña pero na actualidade atopase moi deteriorado e descoidado. A solicitude que se lle fixo ao titular de ambiente era o de acondicionalo e dotar ao espazo colindante cunha área

recreativa con mobiliario e a prantación de novas árbores nos arredores.

A riqueza patrimonial coa que conta Visantoña como as súas seis mámoas, tres castros e dous pazos ademais dunha fermosa paixase digna de visitar deu pé a pidirlle a Tajés a posibilidade de crear un roteiro turístico para que a xente poidera coñecer de preto estas belezaas históricas.

A recuperación dos muíños, case en ruínas, ao carón do embalse ou repobrar as masas forestais resultantes da concentración parcelaria foron outras das propostas que se lle comunicaron ao Delegado que se comprometeu a estudar detidamente todas elas.

A asociación veciñal de



O delegado visitou o local e atendeu ás demandas expostas

Visantoña, que ten máis de 250 socios, é un colectivo moi implicado con todo o que acontece no seu entorno. Dende o mes de novembro están acondicionando o local-social do lugar que sufría un grave deterioro. A pesares de

contar cunha subvención, tanto os socios como os propios veciños están a poñer o sue grao co seu propio traballo no amaño do local coa ilusión de sacar este proxecto adiante. Unha vez rematado o recinto convirteráse nun lugar de reunión para celebrar diversas actividades.

Cea de confraternidade

Aproveitando a instancia do delegado en Santiso, a directiva do PSdeG celebrou unha cea de confraternidade, na súa sede de Arcediago, á que foron convidados tódolos militantes do partido. Ademais está comida tivo un toque emotivo xa que con ela rendíase tamén homenaxe ao militante, Demetrio Otero, recentemente falecido.



Os militantes do PsdeG da Santiso durante a cea na sede

Toques solicita achegas para diversas actuacións

Dende o Concello de Toques o executivo local está a poñerse en contacto con distintas departamentos autonómicos da Xunta para acadar subvencións que lles permita levar a cabo diferentes actuacións.

Así estase a facer un estudo par a solicitar a correspondente financiación por parte da consellería de traballo para conseguir que o municipio dispoña dun taller -obrairo para axudar aos máis xovenes na súa inserción no mercado laboral. Outra liña na que se está a traballar é no acondicionamento do vello colexio para convertilo nun Multiusos onde tódolos veciños poidan disfrutar dun amplo abano de actividades culturais e sociais. Para elo a alcaldía solicitou unha subvención á Consellería de Presidencia, Benstar e Igualdade para acometer as reformas pertinentes e cuio investimento ascendería a 162.519 euros. As obras no antigo centro escolar proxectadas son a construción dun salón de actos, unha biblioteca, unha aula de informática e outras dous máis para destinalas á formación dos habitantes de Toques a través da impartición de cursiños.

En directo | Entrevista a Manuel Tajés, Delegado de Medio Ambiente

- C: ¿Qué opina de que xente tan xoven do rural como a da Asociación de Visantoña se preocupe tanto polo seu entorno?

- M.T.: Denota que hai un despertar dentro da xuventude que se cría no eido rural. Hai que ter en conta que partimos dunha situación na demografía galega moi mala porque hai un excesivo abandono do agro porque a xente non atopa futuro nel. O despoboamento é moi forte sobre todo no centro de Galicia. As persoas que quedan son maiores polo envellecemento e con pouca capacidade de desenvolvemento.

mento.

A solución para evitar o éxodo do rural dos xovenes sería dar un impulso con plans de reequilibrio territorial e de axudar a contribuir que se fomenta a mocidade.

- C: case tódalas parroquias teñan algunha sociedade veciñal, ¿isto axuda que moitas se manteñan vivas?

- M.T.: A existencia destas asociacións da unha idea de que a sociedade está forte e viva. É importante suñar que o número de asociacións que hai nunha zona fan a resistencia dunha sociedade, son como os fios que fan unha gran malla.

- C: o que parece claro é que a xente marcha moito do rural ¿a qué se debe isto?

- M.T.: Dende o punto de vista medio ambiental ten moito coa falla de servizos e falla de aportación para o mantemento do rural. Neste senso a Consellería de ambiente está facendo unha aposta moi forte polo abastecemento de augas e saneamento. Antes da metade do 2005 o 35% destes proxectos so estaban destinados a núcleos de máis de 200 habitantes e esquecíanse, deste xeito, de moitas aldeas.

- C: ¿Qué lle parece que cada

vez máis persoas esten interesadas por recuperar e conservar o patrimonio tradicional galego?

- M.T.: Tódalas estas infraestructuras tradicionais foron feitas seguindo a liña de desenvolvemento sostible e con senso común. Antes cortabase unha árbore e no seu lugar se prantaba outra. Os problemas das inundacións antes eran descoñecidos porque a nadie se lle ocurría edificar ao carón dun río. O que pasa agora é porque se fixeron as cousas mal e nos dende a administración loitamos porque se muden. Por



exemplo estamos a facer unha distribución territorial costera poñendo como límite de construción 800 m mínimos ata a liña da mar. Estamos apostando por facer un desenvolvemento turístico e de educación ambiental de cara ao futuro pero supón un custo grandísimo

Os áridos extraídos na canteira suministran material para as vías do AVE

Canteras Prebetong: calidade e seguridade avalan a súa traxectoria

A canteira é un xacemento adicado á extracción da rocha volcánica anfíbolita

Nos anos 50 un grupo de emprendedores galegos promoveu a constitución de Cementos Noroeste, hoxe Corporación Noroeste, coa finalidade de aproveitar os xacementos de caliza da provincia de Lugo para a elaboración de cemento. No ano 1968 esta compañía inicia as súas actividades en outros ámbitos como o formigón e os áridos en A Coruña, Lugo e Vigo. A principios dos 90 a compañía expandese e fortalecese ao pasar a ser propiedade da multinacional Cimentos de Portugal, CIMPOR. Na cidade de Vigo atopase a sede central en España do grupo, Canteiras Prebetong S.L., empresa a que pertence o xacemento de Melide.

A canteira melidense é unha explotación a ceo aberto situada na ladeira dun monte, e que se explota en bancos de preto de 11 metros de alto. Aínda que a zona ofrece unha certa variedade de rochas, a principal é a anfíbolita, unha materia prima que, unha vez sometida a procesos de moenda e selección, se destina a usos como a elaboración de formigóns, a construción de estradas, de regos asfálticos, ou á preparación de firmes e vías férrea, este último o produto estrela da canteira.

Precisamente os fabricantes de formigóns, construtores de obra civil e pública e as empresas adxudicatarias das obras do AVE, como a empresa ADIF, atópanse na carteira de cli-



A canteira de Prebetong atopase no lugar de Furelos

entes da Canteira de Prebetong dende hai moitos anos.

A calidade do material que canteiras Prebetong extrae e procesa valeulle ser unha das poucas explotacións homologadas en Galiza para a fabricación do balasto destinado a construción tanto de Vías de ferrocarril convencionais como as de alta velocidade. Ademais as súas áreas e os seus áridos, sometidos a un esmero e coidado proceso, convírtense en especiais para a o seu emprego en aglomerados asfálticos e fabricación de formigóns. Para garantir a empresas e clientes as máximas garantías, Canteras Prebetong conta cun Certificado de Producción emitido por AIDICO e cun marcado CE de áridos que acreditan a calidade do material que suministra a explotación asentada no lugar de Furelos.

A empresa conta con nove traballadores directos aos que se engaden outros tantos empregos indirectos como mecánicos ou transportistas.

A seguridade laboral un eixe fundamental

Na canteira Arribeltz non so leva un control riguroso dos explosivos que empregan nas voladuras así como da súa maquinaria senon que tamén procura atopar a máxima seguridade para os seus traballadores tanto no desenvolvemento das súas tarefas como na súa saúde.

A seguridade dos empregados así como a prevención de accidentes laborais é primordial para Canteras Prebetong. Os seus traballadores sometense a exhaustivos controis médicos anuais para velar pola súa saúde. Ademais reciben numerosos cursiños, organizados pola empresa FREMAP, para que poidan ter máis coñecemento da seguridade laboral no seu entorno de traballo.

Un exhaustivo proceso de obtención de áridos

O proceso de produción ao que Canteras Prebetong somete ao material dende a súa extracción ata a súa comercialización transcorre por diferentes fases. A primeira é o arranque dos áridos do macizo rochoso onde se perforan os barrenos que aloxaran os explosivos e os cales unha vez detonados, a chamada voladura na xerga desta profesión, darán lugar ao desprendemento da rocha totalmente fragmentada en tamaños moi diferentes que poden ir dende os poucos metros ata milímetros.

Logo da voladura, iniciase a segunda etapa denominada de *carga* na que unha excavadora recolle o material arrincado para cargalo nos dumpers, vehículos especiais para estas tarefas e que poden chegar a ter unha capacidade de transporte de ata 35 toneladas.

A última fase é a *pranta de tratamento ou clasificación*, ata alí achegan os dumpers



Imaxe da pranta de tratamento e clasificación dos áridos

os materiais para a súa descarga. Nesta pranta, de vía seca, ten lugar primeiro o tratamento que comenza cun proceso de precribado no que se selecciona o material bo e se separa o estéril coa finalidade de non contaminar o produto final. A continuación a materia prima previamente escollida pasa á máquina machacadora onde se reduce o tamaño da rocha ata un máximo de 300 mm para enviala á moenda dos muiños a través de cintas transportadoras. No muiño o

material aínda se reduce máis ata acadar granulometrías, é dicir, un determinado calibre, que permitirán que os áridos se transformen en areas, gravillas ou gravas que despois terán distintos empregos comerciais.

O último paso na pranta é o de clasificación que coa axuda das tres cribas coas que conta Canteiras Prebetong separaran os diferentes produtos finais para posteriormente ser almacenados para a súa distribución comercial.

En novembro a Asociación empresarial presentará unah serie de alegacións ao borrador

Aprobábase o regulamento de venda ambulante sen ter en conta as modificacións alegadas no seu día por ASETEM-CCA

A pesares das enmendas presentadas polo colectivo o proxecto seguiu adiante

O concello de Melide aprobou no seu pleno do día oito de febreiro, cos votos a favor do BNG-PSOE e e en contra o de PP, o seu Regulamento Municipal de Venda ambulante para ordear o mercado dominical dal vila.

A pesares de que en novembro a Asociación de empresarios de Melide, ASETEM-CCA, remitiulle un escrito ao equipo de goberno amosando o seu desacordo consensuado nalgúns puntos do borrador e propoñendo unaha serie de alternativas que consideran máis acordes para o beneficio do comercio da vila e dos seus habitantes, o proxecto inicial do Concello saíu cara adiante.

As propostas principais alegadas por ASETEM-CCA baseábanse no cambio de emprazamento do mercado para mudalo á

Praza do Multiusos xa que consideraba que está ubicación seguía a ser céntrica e non perxudicarian as decenas de negocios sitos no emprazamento tradicional. Ademais, solicitaba que se fixera unha aparcadoiro na zona do IES para unha maior fluidez polas rúas centrais da vila, tanto de cohes como de viandantes e demandaba un cambio no horario da montaxe dos postos coa finalidade de evitar os ruidos aos melidenses das montaxes dos postos ambulantes nun horario tan cedo como sinalao da normativa que é as oito da mañá.

Estas e outras modificacións non se tiveron en conta e o borrador orixinal, hoxe convertido xa nunha normativa legal, saíu cara adiante coa súa apobación no pleno ordinario celebrado este mes.

O novo regulamento municipal do Concello marcará por vez primeira ás pautas para o desenrolo do mercado mensual nas rúas céntricas de Melide, ubicación coa que ASETEM-CCA non estaba dacordo.

A norma marcara as pautas para a colocación dos postos

a fin de que se tapen os escaparates dos comercios ou accesos a edificios, algo que ASETEM-CCA ve moi difícil, xa que ás rúas onde se instala o mercado é precisamente onde máis concentración de negocios locais existe.

Esta base normativa recolle explicitamente cales serán os lugares autorizados para a instalación dos postos de venda ambulante requirindo para a modificación da súa ubicación o acordo do pleno da corporación municipal.

Alén disto a ordenanza que regulará a feria dominical establecerá un ordenamento controlado determinando aspectos como as condicións dos postos ou requisitos necesarios para que o Concello expida as autorizacións pertinentes para o exercicio da actividade comercial.

O Concello terá a capacidade de intervención e inspección dos postos ambulantes mediante a designación dun encargado do mercado cuíos cometidos serán os de velar polo cumprimento desta normativa de venda ambulante e mediar en posibles conflitos que se puidesen xerar

coas autorizacións ou no bo desenrolo do mercado. Outras das funcións asignadas á creación desta nova figura será a de reordenamento e colocación dos postos por motivos de seguridade ou en caso de que houbera obras.

Outro dos puntos que contempla o regulamento municipal é o establecemento dun réxime sancionador puidendo chegar a retirar a licenza da actividade para aquelas situacións que non se adapten a o establecido na normativa. Segundo fontes do Concello esta nova noram facilitará a existencia dun mercado máis diverso permitindo expedir novas autorizacións a aqueles sectores menos representados ata o de agora na feira dos domingos como pode ser o da artesanía e limitando a multiplicación de postos adicadas a outras actividades que monopolizan máis o mercado.

Trás ser aprobado no pleno municipal, o regulamento de venda ambulante elaborado polo Concello de Melide entrará en vigor unha vez que sexa publicado oficialmente no Boletín Oficial da Provincial

Os comercios de electrodomésticos acordan pechar os domingos

Hai uns tres meses o sector comercial dos electrodomésticos de Melide nunha reunión e co unanimidade de todos acordaron pechar os domingos.

Unha das razóns esgrimidas foi a necesidade de dispor dun día completo de descanso. Ademais de que se considerou que este día da semana xa non é como tempo atrás no que pola escasez de Vehículos a xente das parroquias aproveitaba o domingo para acudir a relizar as súas compras da semana.

Curso sobre o novo plan xeral contable en ASETEM

En breves datas terá lugar na sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide unha xornada formativa da *reforma contable e o seu novo plan xeral*

O curso, dirixido para os traballadores do réxime xeral, terá unha duración de seis horas e será gratuíto. O seu obxectivo é acadar unha visión global dos cambios que aporta este novo plan de contabilidade. As prazas son limitadas e o a data límite de inscrición é ata o 25 de febreiro. Para máis información chamar ao 639233670

Recibe o Cerne no teu fogar

Chama ao 981.506.188 e infórmate sen compromiso

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

A CONTRAPELO: DELUQUEROS
SOMONIA: O BARRIO

Horario:
de Martes a Venres:
Mañanas de 9 a 13
Tardes de 15.30 a 22
Sabados: 9 a 21

Telf. Reservas:
981 506 993
617 178 758

e-mail: a.contrapelo@telefonos.net
Melide
Roda, de Lugo, 2-1º

O estudo contabilizou un total de 353 firmas de toda Galicia como as de maior eficacia Mobles Ares unha das mellores empresas galegas na súa boa xestión segundo o prestixioso anuario Árdan

Só trinta negocios locais en toda a comarca de Santiago acapalaron este distintivo

O Anuario Árdan 2007, elaborado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, contabilizou 353 firmas galegas como as que contan coa mellor eficiencia e rendibilidade na súa xestión empresarial. Para averiguar a eficacia das empresas galegas o informe aplicou diferentes parámetros na análise de 13.000 sociedades e so aquelas que acadaban con creces bo a parte de eles obtiveron a calificación de empresas ben xestionadas.

Só trinta negocios locais da comarca de Santiago, que compitían con outras megaempresas, foron seleccionados por Árdan e Mobles Ares de Melide foi un dos elixidos pola súa boa xestión empresarial.

É e que Mobles Ares está en disposición de competir con calquera tenda de Galicia, como xa o demostra o infor-



En Mobles Ares podemos atopar dende mobles de deseño clásicos ata os máis vangardistas

me, porque aínda que Melide non conta con índices de poboación como unha cidade, si conta coa vantaxe da apertura de comercio nos domingos que atrae a moitos clientes de fóra. Ademais ten como valor engadido a longa tradición que define á vila melidense.

Mobles para todo tipo de clientes

Mobles Ares ofrece un gran

abano de posibilidades en modelos e tendencias cuns prezos moi competitivos, ao alcance de todos os petos.

As parellas máis novas que mercan ou alugan un piso, atopan nesta liña de mobles moitas posibilidades e, ademais, Mobles Ares ofrece tamén distintas variedades de financiamento que facilitan a adquisición do mobiliario necesario para unha vivenda. Por outra banda, o produto

Mobles Ares pode satisfacer tanto aos clientes que prefiren o modelo máis clásico, como a aqueles que buscan a decoración, o deseño e a vangarda, con pezas de alta calidade. Incluso ofrece a posibilidade de mercar mobles por encargo de catálogo. Todo grazas ás relacións comerciais que Mobles Ares mantén coas firmas máis destacadas tanto de Galicia como do resto da península.

Mobles Ares, máis de tres décadas ao servizo do cliente

No ano 1975 o empresario melidense, Emilio Ares Lois, tras unha ampla bagaxe profesional, decide ampliar a súa base de negocio creando Mobles Ares. Dende aquel ano ata hoxe, o comercio, a vila de Melide e a sociedade en xeral cfoi evolucionando como tamén o fixo a propia empresa. No 2001, Mobles Ares pasa a ser propiedade do matrimonio Ares-Turrado que acomete unha notable renovación do negocio en tódolos sentidos. De 500 metros cadrados útiles que tiña na súa orixe pasa a ter 1.500, distribuídos en catro andares cada un deles cunha gama de produtos definida. Asemesmo, estánse a construír novas instalacións, enfronte das actuais onde se ampliará notablemente a exposición. Ademais introducen novas técnicas de venda e distribución así como unha optimización de posventa.

Froito desta renovación unida ao traballo de todos estes anos fixeron posible que sexa unha das empresas máis destacadas de toda Galicia acadando, como indica o estudo Árdan 2007, o distintivo de empresa ben xestionada cun alto índice de eficiencia e rendibilidade.

Gran inauguración da sucursal Seguros Bilbao en Melide

A apertura da sucursal Seguros Bilbao en Melide resultou do máis orixinal. O seu axente de Seguros, Rodrigo Fernández Pombo encargouse de achegar un globo aerostático á vila para que os rapaces gañadores do Premio Intrescolar de

debuxo, organizado polo Concello, e outors cativos do municipio poideran vivir a súa primeira experiencia no ár. Multitude de nenos encheron o espazo ubicado para a ocasión na Ronda de Pontevedra agardando poder subir á nave cedida



O día da inauguración oficial de Seguros Bilbao

pola empresa Green Aerostación S.L. A iniciativa foi do máis divertida e os escolares repitiron varias veces, recibindo logo da súa aventura un diploma acreditativo para lembrar o seu bautismo no ar como pasaxeiros do vento. Ademais de poder gozar deste evento os nenos participaron tamén nun concurso de debuxos de globos e recibiron premios como coches teledirixidos, monopatíns ou puzzles educativos. Ante o éxito acadado o empresario melidense ten proxectado traer a nave aerostática en máis ocasións, como no San Roque.

A inauguración oficial de Seguros Bilbao xa se realizara días antes e contou coa presenzado xefe en España da rede de Seguros Bilbao, ademais de axentes de dife-



Nenos na súa viaxe no ár

rentes zonas de Galicia e outros territorios de España pertencentes á firma e que quixeron arropar neste día o seu compañeiro de corredurías, Rodrigo Fernández, na apertura do seu negocio.

ASETEM impartirá en marzo un curso de manipulador de alimentos

A Asociación de Empresarios Terra de Melide impartirá na súa sede o día tres de marzo un novo curso para obter o carné de manipulador de alimentos, o cal ten un número de prazas O horario do curso será dende as cinco da tarde ata ás oito.

ASETEM-CCA é un establecemento autorizado inscrito no Rexistro Galego de Entidades de Formación en materia e hixiene alimentaria. Os vindeiros cursos de manipulaodr celebraránse en o 7 de xullo e o 6 de outubro. Os interesados poden chamar ao teléfono 981506188

A vila de Melide tranfórmase durante o entroido nunha grande festa onde todos os melidenses puxeron o seu grao de ilusión dando renda solta a súas fantasías a través do deseño dos seus propios disfraces. Catro días nos que o espírito de Don Carnal visitou coa súa maxia aos corazóns de todos os veciños, dende os máis cativos ata os máis maiores que participaron nesta cita anual na que o lecer e a ledicia foron os principais protagonistas. As rúas de Melide tamén se vistiron da cor do carnaval grazas aos desfiles dos diferentes pasarrúas que contribuíron coa súa música a facer deste encontro unha diversión completa.



A garderia infantil : descubrinto as cores do mundo do entroido

Moitos dos nenos da Escola infantil do municipio viviron este ano, por primeira vez, a maxia destas festas. O centro convirtiuse nun improvisado circo onde tanto os alumnos como os docentes pasaron unha mañá de lecer cos seus disfraces de pallasos. O vestuario e a maquillaxe dos cativos correu ao cargo dos mestres da gardería.



Ideas orixinais para unha época na que reina a fantasía

Como xa ven sendo tradición nesta tempada, o Colexio nº1 tivo ao longo dunha semana o seu convidado de entroido para dar ordes. Este ano tocoulle a Dona Sabida, unha peculiar figura que cada día aconsellaba aos escolares a levar algo orixinal como zapatos de distinta cor, sombreiro ou garabatas.



As chocolatadas, un dos produtos típicos do carnaval

Logo de toda unha xornada de actividades e de visita a distintos lugares como a Casa do Concello, os mozos do Centro ocupacional repoñeron forzas coa degustación do chocolate quente e dos churros. Esta é unha das costumes máis enxebres na gastronomía do entroido xunto coas filloas, a queimada ou as orellas.



Talleres de obradoiros para tódolos gustos

Os máis pequenos coñeceron de primeiramán moitas das tradicións do entroido. A través de obradoiros variados aprenderon eles mesmos a deseñar xogos de piñatas, como elaborar cabezudos, monicreques, a maquillarse ou a facer caretas. Logo aproveitaron os seus propios traballos para pasar un entroido, aínda se cabe, máis divertido paseando as súas obras polas rúas da vila.



Gran festa no Instituto para recibir ao entroido 2008

O espírito de Don Carnal amosouse por tódolos recunchos do pavillón do IES de Melide. Tanto mestres como alumnos participaron nunha gran festa onde non faltou un concurso de disfraces cun desfile no que os participantes pasearon os seus orixinais disfraces ao son dunha charanga que amenizaba o evento.

Entre os concursantes, ademáis dos mozos do centro escolar, tamén atopábanse varios docentes do mesmo que non quixeron deixar aos seus alumnos sos nunha data tan especial.



Disfraces para todos

O entroido non ten idade e por iso dende os máis pequenos ata os máis maiores abnegáronse da cor destas festas.

Moitos adultos escolleron disfrazarse para dar renda solta a súa imaxinación nesta época de diversión que non so ficou nos nenos senón que se estendeu ata ás xeracións máis veteranas para facer do Carnaval unha festa para tódolos públicos.



As charangas e os pasarrúas puxeron o toque musical ao carnaval

A música invadiu ao longo dos catro días que durou o entroido tódalas rúas da vila de Melide. Grupos de gaitas como *O Castelo*, *Axóuxere* ou charangas como *Os rexionalistas de Teo* animaban tanto aos disfrazados como aos viandantes a bailar ao son dos seus repertorios.

Pero o gran día por excelencia no que a música non deixou de soar foi na última xornada da queima do entroido na praza das coles onde a multitude de xente alí congregada bailou ao seu ritmo ata ben entrada a noite.

A verbena do carnaval contou con tres orquestras



A noite do luns estivo protagonizada pola gran verbena que durou ata altas horas da noite. Tres orquestras, *Master*, *Chaston* e *Pontevedra* encargaronse de pór a música á velada que tivo lugar no Pazo de Congressos de Melide. Moitos foron os veciños que se animaron a achegarse ata o recinto para bailar e pasar un bo intre na compañía dos seus amigos ou das súas parellas. No edificio podían atoparse tanto a xente disfrazada como a outras persoas que acudiron sen o atuendo de entroido. Para estes últimos o Concello agasallounos á entrada con bolsas en cuio interior atopábanse elementos típicos do carnaval como gorros, colares ou narices postizas, todo isto coa finalidade de que ninguén ficara sen disfrutar do baile do entroido.

Un show de pallasos amenizou a gran festa infantil de disfraces

O Cantón de San Roque foi o escenario elixido para celebrar a festa de disfraces para os máis pequenos da vila. O recinto abrangou non so a presenza dos nenos senón tamén dos pais que por un día, e tamén disfrazados, voltaron en transformarse en meniños bailando as cancións que entoaban os pallasos e que tanto lles lembraba a súa propia infancia.

Tódalas melodías levaban unha coreografía da que os nenos non perdían detalle convertíndose en verdadeiras estrelas do baile. Ade máis da música, sortearonse tamén agasallos como unha cámara subacuática e numerosos produtos co selo da factoría Disney entre tódolos nenos que se atopaban no Cantón.



Os pallasos animaron coas súas coreografías aos nenos



Os cativos non deixaron de bailar durante todo o show

Os mellores disfraces do entroido 2008 en Melide

O concurso de Melide resultou o máis orixinal en canto a elección dos premiados. Un xurado camuflouse entre a xente que estaba reunida na praza das Coles durante o último día para ir elixindo aos que mellor ían disfrazados. O fallo fíxose público nun acto no que os afortunados acolleron con sorpresa e ledicia os seus premios.



A *xitana* gañou o terceiro premio individual



Merenda de negros acadou o primeiro posto na categoría de comparsas



O segundo premio de comparsas, *Gandeiros da tractorada*



O *cacahuete* levou o primeiro premio individual



O segundo individual foi para a *muller india*

As cores do carnaval visitaron a Sobrado dos Monxes

O Pavillón Polideportivo Municipal do concello de Sobrado acolleu a morea de persoas que se desprazaron ata o recinto para celebrar a súa gran festa-concurso de disfraces.

A choiva que acompañou a tódala tarde do domingo do entroido non acadou deslucir o evento e foron moitos os disfraces os que pasearon as súas mellores galas polo pavillón.

A gala do Carnaval estivo amenizada por dous animadores da compa-

ñía *Duende Siro* que foron os encargados de dar a coñecer os disfraces premiados logo do veredicto dun xurado composto por tres persoas.

Na categoría individual-infantil os premios eran un MP4, un DVD e un lote de cds mentres que na de comparsas houbo cinco gañadores que recibiron os seus agasallos en metálico indo o primeiro premio dende os 240 euros ata os 30 euros que se levou o quinto clasificado.



O primeiro gañador individual, o pallaso



A emperatriz, segunda clasificada individual



Os asistentes ao desfile non perderon detalle da gala



O primeiro premio de comparsas receu na familia abella e insecticida



Os caramelos, terceiros en grupos



A fada, levou o tercer posto individual



Cuartos clasificados en grupos, os espantapáxaros



O teatro da vida, segundos en comparsas cos animadores da gala

Moitos foron os veciños que se animaron a participar no desfile

Toques festexou o entroido con numerosas actividades

O Concello de Toques foi o primeiro de toda a comarca en celebrar o seu concurso de carnaval.

A tarde do sábado de entroido foi o día elixido para que os veciños do municipio viviran a súa gran festa de carnaval. A xornada comenzo co tradicional concurso de disfraces no que se premiaba non só o vestiario e a maquillaxe senon tamén a orixinalidade interpretativa dos concursantes que participaban nas categorías individual e a de grupos.

A tarefa de deliberación do xurado resultou ardua xa



O colexio vello do municipio acolleu a gran festa



Logo da chocolatada e os doces a festa continuou ata a noite

que moitas foron as persoas que se presentaron ao certame. Rematado o concurso a xente poido desfrutar con xogos tradicionais como as carreiras de sacos e caixas para logo dar paso a

actuación dun contacontos que amenizou a velada. O punto final a esta gran festa o puxo a degustación, entre tódolos asistentes, da gastronomía típica do entroido como a chocolatada e as filloas.

E os gañadores do concurso en Toques foron.....



Primeiro premio grupos para *pitás chocas*



Segundo de grupos para o *miragre da vida*



Primer premio individual adultos para a *pallasa*



O *avogado* acadou o segundo posto en individual



A gañadora na categoría infantil foi *muestrario de teas*



O segundo premio en infantil para o *león*

A asociación de lesionados medulares trata de previr aos máis xovenes dos riscos destas lesións **AESLEME** presenta aos alumnos do Instituto o seu programa de prevención de accidentes *Te puede pasar*

O IES acolleu ao longo de tres xornadas as charlas informativas que AESLEME, Asociación de Lesionados Medulares, está a impartir polos centros escolares de toda a xeografía galega para concienciar aos xovenes dos perigos que poden conlevar certo tipo de accidentes.

O programa *Te puede pasar* é unha campaña da entidade que ten como obxectivo transmitir aos nenos e á xuventude como poder previr as lesións neurolóxicas e cales poden ser as causas e consecuencias de actitudes imprudentes.

A iniciativa desenrolase nos centros de ensino a través de explicacións en soporte audiovisual e de charlas impartidas por un lesionado medular. No IES o documento gráfico amosaba cómo se producían as lesións na medula e dependendo de cada unha a situación na que podía quedar o afectado como a tetraplexía ou a paraplexía. Ademais os rapaces poideron coñecer as medidas de seguridade a adoptar para previr estas situacións en diferentes ámbitos como na



Xan Guitierrez, paraplexico por mor dun accidente, explicou a súa vivencia

condución de todo tipo de vehículos ou as zambullidas na mar ou piscinas, entre outras.

Tamén se lles informou de como socorrer correctamente a un ferido coa finalidade de non provocarlle durante o auxilio ningún tipo de lesión. A charla de Xan Guitierrez, paraplexico por mor dun accidente automovilístico, e que xirou o redor da súa experiencia vital e de cómo mudou a súa vida contribuíu a tentar concienciar aínda máis aos xóvenes.



Os alumnos prestaron moita atención aos consellos

Tromentelos Chis Pum, un novo grupo no panorama musical melidense

O pasado 28 de decembro tivo lugar a presentación oficial do grupo melidá *Tromentelos Chis Pum* na Sala 600 de Melide. Neste concerto a agrupación tamén presentou ao público que se desprazou ata ao recinto para velos, a súa primeira maqueta grevada en directo no mesmo local.

Tromentelos Chis Pum está formado por varios compoñentes, que despois de moitas tocatas compartidas, deciden dar o paso a finais do 2006 e mergullarse para crear un novo proxecto musical encadrado no folk da taberna.

A pesares de inaugurar oficialmente o grupo a finais do 2007, *Tromentelos* xa ten un amplo abano de actividades na súa breve traxectoria. En outubro foron os encargados de pór a banda sonora o vídeo editado polo Museo Terra de Melide e xa teñen participado en diversas actuacións como a que aconteceu na gran festa do Nadal de Toques.

A Asociación Río Furelos inicia unha campaña de concienciación nos colexios

Na súa inesgotable tarefa por concienciar ao pobo do respecto á natureza e evitar outros desastres ecolóxicos como o acontecido no río Catasol, a Asociación de Troiteros Río de Furelos iniciou unha nova campaña preo esta vez dirixida aos escolares de Melide.

Esta iniciativa de concienciación medio ambiental comenzo no colexio da Martagona, coa proxección de dous documentos visuais, un sobre as xornadas de limpeza fluviais e outro sobre a crónica do desastre do Catasol. Despois da proxección tivo lugar unha charla-debate na



Os nenos tiñan moito interese e realizaron moitas preguntas

que o vogal de medio ambiente da entidade, Xan Pérez, e mailo o seu vicepresidente, Xabier Pazos, non pararon de responder ás numerosas preguntas que os escolares formulaban sobor os motivos e

consecuencias do desastre. O interese amosado polos alumnos ven a recompensar o traballo da asociación xa que o coidado da natureza depende en grande medida destas novas xeracións.

Publicitate no CERNE, o xornal da Terra de Melide

Se queres informarte da tarifas publicitarias do Cerne, chama ao

981.50.61.88.

Infórmate sen compromiso

O grupo de teatro percorreu coa súa obra os tres centros escolares da vila

O Instituto conmemora cunha obra de teatro o día escolar da Paz e non Violencia

Alumnos do Ies de Melide representaron para celebrar o Día Escolar da Paz unha obra teatral, de carácter cómico, e que baixo o título de *A Bomba do Xeral* avogaban polo remate das guerras, dos exércitos e da compra de armas. A representación desta actividade foi organizada polo Departamento de Filosofía do Instituto.

A peza non so foi representada no centro de ensino secundario senón que tamén percorreu os colexios do municipio para que os máis pequenos se concien- ciaran a súa vez da importancia que ten acadar a paz no mundo.

Cada ano, dende 1964, o día 30 de xaneiro celébrase o Día Escolar da Non Violencia e a Paz, DENIP, en homenaxe ao día da morte de Mahatma Ghandi, un home que coa súa loita



Un momento da representación da obra *A Bomba do Xeral*

pacífica acadou a independencia do seu paía, A India. Tamén nesta data se conmemora o asasinato doutro pacifista como Martín Luther King que loitaba polas liberdades.

O principal obxectivo do DENIP é resaltar a importancia da educación en valores como a tolerancia, solidaridade, respecto os dereitos humanos e a non violencia



Os nenos do colexio nº 1 foron espectadores de primeira fila da obra

Sete rapaces melidenses pasaron unha semana na neve

Os nenos melidenses, con idades comprendidas entre os dez e trece anos, partiron o día 26 de xaneiro dende o Cantón de San Roque cara Granada para pasar unha semana completa na neve.

Os rapaces compartiron a súa experiencia con outros 80 nenos doutros concellos como Arzúa, Mesía, Boimorto ou Vilasantar que estaban integrados na campaña de esquí organizada pola Deputación da Coruña. Na provincia granadina os mozos recibiron clases de esquí na estación de Serra Nevada, participaron en talleres sobre a natureza e visitaron o patrimonio cultural da cidade andaluza como a alhambra, o Parque de Ciencias e o Sacromonte.

Durante os sete días que durou a viaxe os nenos aloxaronse nun hotel de tres estrelas de Granada.

O retablo da igrexa parroquial de Melide será restaurado por Cultura

Nas vindeiras semanas técnicos de Patrimonio visitaran a Igrexa parroquial para avaliar o estado actual no que se atopa o seu retablo maior e o órgano para poder poñelo en funcionamento.

O retablo é unha obra de estilo barroco no que se pode apreciar certo deterioro dende a súa última reparación e a perda do baño de ouro que quita lustre a súa beleza orixinaria. Esta obra foi tallada no ano 1690 por Francisco de Castro Canseco, un dos mellores escultores galegos do século XVII, e que viviu na vila de Melide.

A restauración desta peza supón un elevado custo económico polo que o Concello viuse na obriga de solicitar a colaboración da Consellaría de Cultura para



Altar maior da igrexa Parroquial

a súa remodelación. Ademais detrás do frontal do retablo maior atopáanse na actualidade pinturas murais de gran valor histórico que o público podería admirar trala restauración. Pero a Igrexa do convento tamén conta con outras

pezas de gran valor como é a imaxe policromada e dourada da Virxe Inmaculada Concepción, tallada no século XVIII polo prestixioso taller compostelán Gambino- Ferreiro.

Recuperación do órgano

Xunto coa resturación do retablo maior, Patrimonio está estudando a recuperación do órgano da igrexa, unha peza de gran valía que está en desuso dende o ano 1835.

O Concello considera que a recuperación desta instrumento musical e do retablo suporía unha importante revalorización do conxunto artístico do da igrexa parroquial, un templo polo que cada ano pasan, amais dos propios melidenses, milleiros de peregrinos.

Aberto o prazo do Certame literario Terra de Melide

Ata o día 15 de marzo é a data de prazo para poder presentar as obras que queiran concorrer ao VIII Certame de creación literaria de Terra de Melide. Este ano ademais da modalidade de narrativa recupérase de novo a de investigación.

Para as dúas modalidades requirese que as obras sexan inéditas e non foran premiadas noutros concursos. Ademais deberán presentarse por quintuplicado en tamaño A4, mecanografadas a duplo espazo por unha soa cara e debidamente grapadas ou encadernadas.

Pola contra as diferenzas para acceder as dúas categorías están que na de Narrativa presentaranse obras narrativas, novela ou

relato curto, todas elas escritas en galego e cunha extensión mínima de sesenta páxinas. O importe do premio nesta modalidade é de 6.000 euros ademais da publicación da obra gañadora pola editorial Edición Xerais.

No eido da investigación, os traballos terán que ter como obxecto de estudo Melide e a súa comarca podendo ser a obra sobre carácter científico, histórico, etnográfico, biolóxico.. O premio será de 1.000 euros.

As obras deberán presentarse na Secretaría Xeral da Casa do Concello de Melide e a data fixada para dar a coñecer a elección do xurado dos traballos gañadores é o 7 de xuño

O Atlético de Melide, un equipo con gañas de loitar nesta primeira tempada logo do seu rexurdimento

Despois de máis de tres décadas alonxado da competición deportiva, o equipo roxibranco está acadando uns notables resultados nesta nova etapa

O Atlético de Melide é todo un referente na nosa comarca, o avala o feito de ser o primeiro equipo federado que naceu en Melide aló polo ano 1973.

Despois de anos de parón voltou nesta tempada, e tras fusionarse con parte dos equipos da UD Santiso, á competición deportiva co obxectivo de chegar ao máis alto posible nas táboas de clasificación.

Aínda que os roxibrancos son conscientes de que os principios son sempre duros, gañas non lles falta por crear un clube forte e amosar os seus afeccionados que poden chegar co tempo a ser un equipo dos que den a falar polo seu bo xogo.

Forza en canto a seguidores dos seus diferentes encontros é precisamente o que máis teñen. Non en van a entidade melidense conta na actualidade con máis de trescentos socios, todo un mérito

para ser un equipo local.

O Atlético de Melide tamén pode presumir de ser un clube que conta con oito equipos federados na competición do balón pé como son as categorías de benxamín, alevín, infantil, xuvenil, cadete, Seniors, feminino e os veterans que xogan na liga que dirixe a Agrupación homóloga de

Santiago de Compostela.

No cadro de adestradores figuran cinco entrenadores, ademais dun preparador físico que realiza o seu traballo dun xeito desinteresado pero coa ilusión de levar adiante este proxecto no que toda a entidade está a participar. Nas xornadas de fútbol que o Atlético de Melide levan disputando, hai que facer especial mención ao equipo feminino polo bon xogo que están a desenrolar no campo, cun papel moi aceptable na súa andaina na primeira



Imaxe do día do encontro amigable co Super depor



Xogadores do atlético de Melide cando empezaba a súa andaina pola década dos 70

autonómica. É moito máis loable a súa traxectoria si se ten en conta que naceron este ano como formación e que a súa prantilla está integrada por xogadoras moi xóvenes que nunca antes se adicaran a este deporte.

A volta ao mundo do fútbol do Atlético de Melide, como equipo federado, celebrouse o pasado mes de xuño nun encontro de amizade contra ás antigas estrelas do Super Depor e outro partido que disputaron co Lugo no campo de Fútbol de Palas de Rei.

O CF Cire de Melide volta a buscar o ascenso logo dunha mala racha

Nas últimas semanas o CF Cire semella voltar á competición con máis folgos por acadar de novo o primeiro posto na táboa de clasificación logo de perdelo tras uns encontros nos que a fortuna non quixo acompañar ao equipo azul.

No último partido do mes de xaneiro no que o equipo melidense visitaba ao ACD Poulo e o Cire acadou, co seus dous goles contra cero, tres puntiños máis para conseguir estar o máis axiña posible como líder na 3ª autonómica.

Neste encontro os xogadores de Mato enfrontábanse contra o penúltimo clasifi-



cado na categoría e grazas as marcaxes de Jetxu e Marc o Cire voltou a súa cas cunha victoria máis. O único destacable neste partido foi a expulsión do porteiro melidense, Perilla.

A primeira disputa de febreiro aínda foi mellor

que a de despedida do mes anterior. Esta vez o Cire xogaba no seu campo contra o Vizoño B e o resultado do partido rematou cunha goleada por parte dos locais de 5 a 0. A primeira parte caracterizouse pola sequía de goles pero xa na segunda o marcador do campo non deixou de funcionar. O primeiro gol veu dos pés de Jetxu que tras un erro do porteiro do Vizoño meteu o balón ata o fondo da portería. Despois o resto de tantos virían en cadea con Peque, Pájaro, Miki e Mateo, cun tanto de cabeza, que contribuíron coas súas marcaxes a esta gran goleada

Choiva de goles nos dous últimos partidos do Toques

Os dous derradeiros encontros que disputou o CF Toques saldaronse cun total de sete goles que amosan que cando o equipo quere pisar forte non hai quen o pare.

O primeiro partido levouno a xogar á casa dos de Oza dos Rios. O encontro comezou animarse no segundo tempo cando Carril meteu un tanto que os entendidos nestas artes non dubidaron de calificar como de *olímpico*. E parece que este era o día de Carril porque ao pouco tempo chegou o segundo tamán das súas botas. O terceiro tanto veu de mán da fortuna para o Toques xa

que un dos defensas rivais marcou na súa propia portería. O encontro rematou cun 3 a 1.

Febreiro empezou de xeito espectacular para os toqueses. Xogaban esta vez na súa casa contra o Poulo, o protagonista do primeiro tanto foi de Luis tras botar Carril un corner e rematar Xelo. Bareto encargábase de batir á portería contraria marcando o segundo gol. A primeira parte acabaría co marcador a 2-0. Xa no segundo tempo Carril encargábase de que avance o marcador perpetrando o terceiro, o último tanto sería obra de Bareto que sentenciaba o resultado final do pertico cun 4-0.

Lembranza dos gaiteiros *A Frol do Toxo de Toques*

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS

A *Terra de Melide* foi prolífica en moi bos gaiteiros e músicos. Amáis dos clásicos, os nosos mestres *Os garceiras*, houbo no Concello de Toques, que é o que trato hoxe, varios gaiteiros, artesáns, etc.

Así eran de sona, os gaiteiros de *ARBUXIDE* (Paradela); *OS DE TABERNA* (Ordes); *OS DO MUÍÑO ESTREITO* (Paradela); o *SR JOSÉ DE FRAGA* (San Xao) que a maiores foi un gran artesán da gaita; *OS DE COITOS* (Ordes); *OS DE IRAGO* (Vilamor).

Este grupo que está na foto, eran *A FROL DO TOXO* de Prados (Paradela), que era un




moi bo grupo que daquela xa tiñan traxe. Tocaron aproximadamente catorce anos. De esquerda a dereita: JESÚS

OTERO (bombeiro), FRANCISCO VARELA (caixeiro); GARCÍA VARELA

(gaiteiro) e JOSÉ OTERO (gaiteiro e mestre). a todos eles o meu recoñecemento e estar ledo que afortu-

nadamente hoxe en día en Toques, hai moitos gaiteiros/as novos.. (Información Casa Mateo de Prados)

Cousas de onte



Arquivos irmáns Fuciños- Gómez (Casa Pita)

Lembranzas

O grupo *Cromlech* no Caralampio

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS



O grupo *CROMLECH* do País de Gales, amigos, con TOMY JENKINS de Liber (na festa de Caralampio no ano 1980)
Arquivo irmáns Fuciños- Gómez (Casa Pita)

O Instituto de Melide participa no proxecto de patio de xogos do Museo Pedagóxico de Caliza

AGXTP

No patio do MUPEGA pode practicarse unha gran batería de xogos tradicionais

O Museo Pedagóxico de Galiza, situado no barrio de San Lázaro, en Santiago de Compostela, foi creado para salvagardar a memoria escolar do país e as súas salas foron xa visitadas por milleiros de estudantes e tamén por moitos estudo-



sos da historia da educación. Recentemente, o MUPEGA puxo en marcha un proxecto que pretendía conseguir poñer en valor

tamén o seu patio exterior, un patio con reducidas dimensións pero á fin de tamaño suficiente como para deseñar nel espazos de xogo.

O obxectivo que perseguían os responsables do MUPEGA no momento de pensar en sacarlle utilidade ao seu patio exterior foi o de que os escolares que pasan pola instalación do museo puidesen practicar xogos tradicionais galegos.

A lóxica é evidente: o Museo da Educación de Galiza debe posibilitar a práctica dos xogos galegos. Na concepción da idea e no deseño definitivo do patio tivo un papel determinante o instituto de Melide, toda vez que foi requerido polos responsables do MUPEGA, tanto para o deseño dos espazos para os diferentes xogos como para o préstamo provisional de material, así como para a inauguración oficial, que tivo lugar o pasado día 12 de febreiro.

O martes, 12 de febreiro, en efecto, preto de medio canto

de estudantes do IES de Melide estiveron presentes nas instalacións do museo, xunto con varios profesores e con persoal da Asociación Galega de Xogo Tradicional e Popular, AGXTP. Uns e outros, dirixiron diferentes actividades lúdicas ao longo da mañá no novo patio de xogo. Non debe esquecerse que a Terras de Melide é pioneira en Galiza na recuperación e posta en valor do patrimonio lúdico galego, como pode comprobarse botándolle unha sinxela ollada ao patio do *Pastor Barral*, por exemplo.

Recuncho para a reflexión

Eu cristiano, creome Deus

DANIEL ROIBÁS

Este é o recanto para deterse a ver a vida a través de contos que convidan a contemplar a alma da nosa existencia

Conta a historia que un neno que vivía no ceo xunto con outros nenos foron levados a un avión, cuido destino era a terra.

Este neno desexoso por nacer, por vir á terra e amar os seus pais, un día atopase no mesmo voo a un neno que sofía moito porque non quería nacer. Entón o neniño led e ansioso por nacer preguntalle ao neno triste:

- ¿Por qué estás tan triste?- O neno triste respondelle: e que non quero nacer porque a miña familia é pobre e vou a sufrir moito e a pasar fame e prefiro ficar aquí en vez de irme para aló a sufrir.

O neno entusiasmado por nacer o anima e lle di que non se preocupe, que el vai nacer nunha familia de moitos cartos, de boa posición... e que cando naza voume a facer ami-
guiño teu para axudarte e lle vou a dicir aos meus pais que che axudemos, pero xa non estés triste que os teus pais

agardan con ilusión a túa chegada. Entón, o neno triste puxose led coa esperanza que o neno entusiasmado lle deu. Máis tarde, o neno entusiasmado atopase a un neno de pel negriña chorando, e lle pregunta:

- ¿Por qué choras?, o neno de pel negriña lle contesta: porque o meu pai nos vai a abandonar a miña nai e a mín...; Pero ¿Por qué? pregunta o neno entusiasmado. O neno de pel negriña lle contesta: porque mis pápas son de pel branca e eu vou nacer negrito e cando o meu pai me vexa pegaralle á miña nai pensando que lle foi infiel por haber nacido negrito e vou a ser moi infeliz....

Non te preocupes, di o neno entusiasmado, Mira eu vou a nacer nunha familia de boa posición, meus pais van ter moitos cartos, ademais eles vanme querer moito e todo o que lles pida mo darán e o que lles vou a pedir é que os axudemos a que fagan unha inves-

tigación e proba de sangue para que o teu pápa se decate de que ti es de el e que a túa máma endexamais o enganou....Entón o neno de pel negriña ficou moi led ao ver que se atopara solución para que non sufriran el e a súa nai. Máis adiante, o neno entusiasmado camiñando polo avión atopase outro neno decepcionado e canso de sufrir e chorar; o neno entusiasmado lle pregunta:

- ¿Qué che ocorre porque estás tan aflixido?. O neno dille: é que no intre de nacer a miña máma morrerá, xa que será un parto moi difícil e escollerán entre a vida de miña nai e a miña, ela decidirá pola miña vida e morrerá e será unha gran dor para o meu pai e por mágoa e a gran dor da súa morte el se suicidará e eu irei a parar a un lugar onde levan aos nenos desamparados e non vou a poder ester cos meus pais e por iso non quero nacer aínda.

Entón, o neno entusiasmado dille: non te preocupes, mira cando eu naza vou ter moitos cartos e os meus pais serán tan bos que lles vou a pedir que

axudemos o teu pápa para saír adiante e comprenda que Deus se levou a túa nai para que non padecera e che deu no seu lugar a ti para que non estivese so e en ti vexa a lembranza dela e verás que o teu pai saíra adiante e che vai querer tanto como me van a querer a mín os meus pais.... Entón o neno aflixido agora agardaba led a súa chegada ao mundo e por poder ter un amigo tan especial como el...

Cando chegou a hora da partida para vir ao mundo, o piloto encargado de enviar aos nenos o seu destino empezou a chamalos.

O primeiro que foi ao mundo foi o neniño de pel negriña, entón o neno entusiasmado berroulle antes de nacer: Non te preocupes que alá nos veremos e lembra que che quero moito...

O segundo en partires a vir ao mundo foi o neno que nacería pobre, pero el ía led porque tiña unha esperanza e a promesa do neno entusiasmado e o neno entusiasmado ao igual que co outro neno dixolle que alá se verían na terra, que non estivera máis triste.

O terceiro neno foi o que se lle morrería a súa nai, pero a súa actitude era positiva xa que o neno entusiasmado ía a axudar ao seu pai a repoñerse axiña da dor e ao igual cos demais, o neno entusiasmado dixolle que se verían na terra e que serían os mellores amigos do mundo

os catro.

Logo de ser mandados os tres nenos, o piloto pechou as portas; entón o neno entusiasmado berrou: ¡Agarde faltó eu, faltó eu!!; eu tamén quero ir ao mundo para decirlle ao meu pai canto o amo e a miña nai agradecerlle todo o amor que me dará cando eu nazca e para que vexan que son tan bonito coma eles.... ¡Agarde Señor...faltó eu!!

Entón houbo un grande silencio... e o piloto respondeulle:

- Sintoo, pero hoxe os teus pais decidiron non terte...

Pero é que eu tiña tantas ilusións de coñecer aos meus pais, que viran o pequerrecho que son e que formo parte deles, ademais quería axudar aos meus amiñiños, porque non quero que sufran, é que eu quería nacer...

Cómo ás veces poden rematar as ilusións dos fillos... suspirou o Señor; que era Deus, cando é o agasallo máis fermoso que lles dou para complementar a súa vida...

Nós como persoas, e como bos cristianos, non temos porque rachar as ilusións dos nosos próximos e máis cando veñen acompañadas pola vontade do noso Señor. Que hai máis fermoso nesta vida que ese regalo de ter un fillo, sexa como sexa, é parte da nosa vida e se lle roubamos o dereito a nacer estamos matando unha parte da nosa existencia e convertíndonos en asasinados da nosa propia vida.

ACTOS FEBREIRO

- 1,2,3 e 4 de febreiro entroido
- Venres 15 de febreiro: inicio do curso de contabilidade básica en ASetem
- Sábado 9 de febreiro: Edición do Katak
- Sábado 16 de febreiro e domingo 17: Mercamelide I feira de oportunidades. No Pazo de Congresos
- Venres 15: Actuación do Cápitan Furilo, con sons dos blues de Hills treet no Pub Gatos.
- Venres 22: Chega o grupo ULTRAKANS ao Pub Gatos. Entrada gratuíta
- Venres 29: A ctuación dos Heissel no pub gatos. Entrada: 3 euros
- Actividades da Asociación cultural *Terra de Melide* (segunda quincena):
Mostra de pintura de José Tomás na Capela de Santo Antón.
Homenaxe a Ramón Rodríguez (Curruxás) en Villamor e no Multiusos de Melide

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20,00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		Atención ao cidadán	981120012	I.E.S. de Melide	981505162
UrxenciasSanitarias	061	Valedor do pobo	981571900	C.E.I.P nº1	981505238
BombeiroS	080	Economía facenda	981545151	C.E.I.P nº2	.981505929
Incencios Forestais.....	..085	Industria e Comercio	981544341	Gardería	.981505003
Policía Municipal		Sevizo Galego Colocación	981125000	U.A.F. de Melide	981 507742
Urxencias	092	Teléfono da Muller	900400273		
Melide	981505003	Teléfono do Menor	900444222	SANTISO	
Policía Nacional	091	Dirección Xeral de Tráfico	900125505	Casa do Concello	981818501
Garda Civil		Correos.	902197197	Centro de Saúde	
Urxencias	062	Auga	981242322	Agrochao	981517803
Melide	981505007	Electricidade	981147200	Visantoña	.981510749
S.O.S		Gas.	900760760	Xulgado de Paz	981 818501
S.O.S Galicia	112				
Protec.Civil.	670498848	MELIDE			
TRANSPORTES		Casa do Concello	981505003	SOBRADO	
Renfe		Centro de Saúde	981506176		
Nacional	902240202	Servizos Sociais	981505012	Casa do Concello	981787508
A Coruña		Consevatorio	981507100	Desenvolvemento local	981787508
Santiago		Polideportivo	981507752	Centro de Saúde	981787744
Autobuses		Centro Social da 3ª Idade	981505706	Mosteiro de Sobrado	981787509
A Coruña	981239099	Parada de Taxis	981505390	Xulgado de Paz	981787508
Santiago	981542416	Oficina de emprego	981505204		
Aeroportos		Albergue Xuvenil	981507412	TOQUES	
A Coruña.	981187200	Albergue do Peregrino	660396822		
Santiago	981547500	Centro Ocupacional	981505003	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188	Centro de Saúde	981507301
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS		Fundación Terra de Melide	981507244	Xulgado de Paz	981505826

AVELINO LAYA LÓPEZ, DE CARPINTERÍA LAYA

Aconsellar á xente sobre a calidade do que vai mercar é fundamental

Fillo de carpinteiro, Avelino Laya coñece dende moi pequeno tódolos entrexidos desta profesión que durante décadas desenrolou o seu pai. Hoxe él leva o negocio

familiar perpetuando deste xeito este apelido tan vencellado ao eido da madeira pero adaptándose aos novos tempos e as novas demandas do mercado laboral.

O seu proxenitor adicouse toda a súa vida a este oficio percorrendo os lugares de Melide co seu maletín cheo de ferramentas e facendo as obras todas a mán. Dende hai preto de tres décadas Avelino Laya tomou o relevo xeracional do bo facer do seu pai na profesión coa única diferenza de que él pode contar cun equipamento completo de máquinas que o axudan na súa labor do día a día

- Que tipo de pezas traballas no teu negocio?

- De todo. Dende mobles de coíña, caixeiros portas de entrada e de pisos, pasamáns, bancos ... xa te podes imaxinar todo o que sexa fabricado de madeira.

- Cómo vai o da clientela nun mundo como o da madeira....

- Respecto a clientes teño de abondo para decir que traballo dende o luns ata o sábado, e incluso domingos se me chaman, é que a cousa vai ben. A metade da xente que me ven eran xa clientes do meu pai que agora delegaron a



Avelino Laya fabrica unha grande variedade de mobles

preparo na carpintería coa axuda das ferramentas das que dispoño. Ademais tamén eu me encargo de barnizar moitas das pezas, colocalas e en algunhas ocasión tenme vido xente pidíndome que lle abra

traballo en si.

- Observo que tes ategado todo o taller non só de madeiras senon tamén de maquinaria....

- Certo, cousas pequenas aínda as podes facer á man e coas ferramentas tradicionais como o serrucho ou o martelo, pero as máquinas son moi necesarias para traballar hoxe en día na fabricación dos mobles. A serra de cinta axúdame a cortar a madeira en bruto, a escuadradora a enderezalas, a máquina do cepillo a limpalas para despois lixalas coa lixadora de banda...

-As empregas só para facer o mobiliario ?

- Non. A miúdo algunha xente achegase ata carpintería para que con elas lles faga unha moldura, lles enderece unha chapa que se lles torceu e incluso para cortar leña para o lume.

-Asemella que no teu taller tes de case todo ?

- De todo non podo ter pero dispoño do necesario para desenrolar a miña profesión. O que si teño, por exemplo, son tiradores para os armarios, portas... algunhas das manillas están expostas aquí na carpintería pero se o cliente prefere escoller outras podo amosarlle un catálogo no que pode elixir a que desexe.

- Falemos do mundo das

xente do tipo de madeira que vai mercar: das súas cualidades, vantaxes, desvantaxes....ás veces é mellor mercar unha máis cara porque é para toda a vida que non unha barata que si se racha non ten amaño. O castaño ou o roble recomendou moito porque, aínda que son máis caras, dan uns resultados excelentes e duran moitos anos. Para os fallos decantome máis pola de pino

Ademais de fabricar as pezas tamén barnizo e fago amaños de cerraxería

súa confianza en mín.

- Qué é o que máis notas que che demandan?

- Pezas que teñen que ser a medida como portalóns, fiestras ou fallos e non atopan onde mercalas ou sinxelamente o único método de telas e facendoas un carpinteiro. Eu lles fago o pedido da mercancia co tipo de madeira que me piden e logo os monto e

unha porta porque se lle quedou pechada e eu lles abro.

- És un home polifacético polo que vexo...

- Fago o que sei facer soamente iso. As cousas pequenas as barnizo eu pero si son grandes obras contrato a un barnizador e no intre de colocar os mobles o mesmo depende da magnitude que requira o

As portas de portalóns, as fiestras e os fallos a medida son os máis demandados

madeiras, cal é a que máis che solicitan?

- Depende pero pódese dicir que a *reina* en pedidos e a *de shapelly*. A mín gústame moito aconsellar á

roxo porque é uha madeira que non se apolilla aínda que nesta última aconsello que cando se coloque sexa o máis clara posible porque co tempo escurece dabondo.

Portada	P1	Colaboracións	P20
Editorial	P2	Axenda	P22
Melide	P3	A entrevista do mes	P23
Comarca	P8	Contraportada	P24
Empresa e comercio	P9		
Cultura e lecer	P14		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº34.9 xaneiro-8 febreiro de 2008. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

Melide despediu a Don Carnal coa queima do boneco

Centos de veciños encheron a Praza das Coles da vila para festexar a despedida logo de catro días de entroido

O boneco do carnaval realizou a súa última viaxe, acompañado por multitude de veciños e dos sons das charangas e comparsas, dende o Cantón de San Roque ata a praza das Coles onde lle agardaba a súa derradeira parada: A queima.


Despedíase deste xeito ao entroido e iniciábase unha gran festa para todos que se inaugurou coa lectura do pregón e que non parou ata ben entrada a noite. Os nenos poideron saborear os batidos, refrescos e rosquillas que o Concello tiña dispostos en bolsas mentres que os maiores facían o mesmo pero con filloas, caldo limpo, viño e queimada.

Grandes e pequenos disfrazados bailaban coa música das comparsas convertindo a praza nunha improvisada romaría. Pero a gran sorpresa chegou cando os pregoneiros deron a coñecer os gañadores dos mellores disfraces nun



A queima do boneco na Praza das Coles despediu ao entroido melidense do 2008

acto no que os premiados subíronse ao palco para saudar aos seus veciños. Tamén se sorteu entre o público unha cesta con produtos típicos do entroido.



Os premiados non dubidaron en saudar ao público



Houbo degustación dos produtos típicos destas festas para todos os veciños de Melide